



ACTA DO SORTEO PARA A OBTENCIÓN DE NOVAS LISTAXES DE AGARDA DOS CURSOS CELGA 4 PRESENCIAIS DA CORUÑA E SANTIAGO DE COMPOSTELA CONVOCADOS POLA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA EN 2022

LUGAR: sede da SXPL (rúa de San Roque 2, Santiago de Compostela)

DATA: venres, 25 de marzo de 2022

HORA DE COMEZO: 9.20 h

HORA DE REMATE: 9.25 h

ASISTENTES

- María Lourdes Batán Aira (subdirectora xeral de Política Lingüística), presidenta
- Oliva Amorín López (xefa do Servizo de Formación, Asesoramento e Proxección Exterior da Lingua), secretaria
- Manuel Martínez Lado (xefe de Sección I), vogal
- Francisco Guisande Álvarez (xefe de Grupo), vogal
- Manuel Penela Novais (xefe de Negociado de Rexistro e Tramitación), vogal

PROCEDEMENTO E REALIZACIÓN DO SORTEO

Unha vez que se esgotaron as listaxes de agarda correspondentes aos cursos de Celga 4 presenciais da Coruña e Santiago de Compostela que foron publicadas o pasado día 14 de marzo, realízase outro sorteo para seleccionar dúas novas listaxes que permitan cubrir todas as prazas destes cursos, que foron convocados mediante a Resolución do 26 de xaneiro de 2022, da Secretaría Xeral de Política (DOG núm. 30, do 14 de febreiro).

O sorteo realízase do mesmo modo que o que se levou a cabo o día 14 de marzo. Para iso, emprégase un programa informático desenvolto pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) que permite seleccionar as solicitudes mediante a obtención sucesiva de números ao azar coa execución dunha rutina informática aleatoria.

A partir das persoas solicitantes dos citados cursos presenciais que non forman parte das listaxes publicadas o 14 de marzo, procédese á execución dos seguintes sorteos para a obtención de novas listaxes de agarda:

1. Curso Celga 4 presencial: A Coruña
2. Curso Celga 4 presencial: Santiago de Compostela



RESULTADOS DO SORTEO

Obtéñense as novas listaxes de agarda dos citados cursos presenciais que acompañan esta acta e que, de acordo co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se publican na páxina web da SXPL (<https://www.lingua.gal>).

Sen máis asuntos que tratar, finaliza este sorteo e redáctase esta acta.

Visto e prace

A secretaria

A presidenta

